



## **DEFENSA DO PLANETA**

*Declaración da FIMEM (Federación Internacional dos Movementos de Escola Moderna)*

*- Outubro 2021*

### **O mundo sofre!**

*Entre as causas:*

- Un capitalismo que explota as vantaxes da globalización e que repercute os custos sobre as poboacións dependentes,
- o neocolonialismo económico, administrativo e cultural, cos seus escándalos financeiros,
- a sobreproducción industrial e tecnolóxica e a sobreproducción de residuos,
- a privatización dos bens comúns,
- as guerras para acaparar os recursos naturais,
- a usurpación de terras e a devastación do medio,
- a explotación dos recursos naturais e a deforestación como se fosen inesgotábeis.

*Entre as consecuencias:*

- O pauperismo e empobrecemento crecentes das sociedades,
- o aumento xeneralizado da discriminación e da inxustiza,
- a violenta restrición dos dereitos da infancia, das mulleres, dos traballadores, das minorías,
- o individualismo e a competitividade crecentes,
- as migracións masivas e as novas formas de escravitude,
- a polución do aire e da auga e a perturbación do clima,

- a seca, a desertización e os incendios a cada pouco máis frecuentes,
- os tremores da terra, os desprendementos do terreo, a elevación do nivel das augas mariñas e as inundacións,
- a acidificación dos océanos e a suba mundial dos niveis de dióxido de carbono, a rápida desaparición do xeo no Antártico e en Grenlandia,
- a circulación de novas pandemias.

### **Cómpre xerar unha nova conciencia ecolóxica**

Estamos vivindo os inicios dunha crise climática e ecolóxica de extraordinaria amplitude!

Fronte á complexidade dos desafíos ambientais, económicos e sociais, temos que afrontar numerosos retos. Temos a capacidade e a responsabilidade de tentarmos xerar unha nova conciencia social e educativa: debemos examinar as relacións interdependentes das nosas vidas co desenvolvemento económico e o presente ferido do noso planeta e co ben común, ao que debemos prestar a máxima atención para podermos transmitírllelo ás novas xeracións. Precisamos xerar conciencia ecolóxica e asumir as implicacións pedagóxicas e políticas correspondentes. A urxencia ecolóxica é unha urxencia humana! O sistema capitalista, modelo dominante das nosas sociedades, ten como único obxectivo o control dos recursos, dos mercados e, logo, dos territorios. Vai acompañado do aumento dos conflitos armados, dos movementos migratorios, económicos e climáticos, da suba dos nacionalismos reaccionarios e dos integristas relixiosos ou non, sen comprometerse con consideracións humanas e en detrimento das poboacións.

### **A urxencia ecolóxica é unha urxencia**

#### **humana e social!**

Neste sentido, podemos retomar as palabras expresadas por Chico Buarque nunha asemblea da ONU, na que se falaba da internacionalización do bosque amazónico: “O verdadeiro compromiso hoxe é o de internacionalizar a infancia no mundo para defendela da explotación, das ameazas, do abandono, para subtraela da pobreza”. Encubriu a salvagarda efectiva do medio ambiente, é dicir, do noso planeta implicanos a todos e todas para a consecución dunha sociedade máis xusta e solidaria.

Son as poboacións mozas as que están máis gravemente afectadas pola urxencia climática: as máis vulnerábeis, porque sofren a pobreza, as migracións e o desenraizamento e diversas formas de explotación. O que ocorre en contradición con todas as declaracións a prol dos dereitos da

infancia, en particular a Convención Internacional dos Dereitos da Infancia (1989).

Os administradores públicos, os responsábeis políticos non garanten os dereitos da infancia, envoltos no remuíño do proveito propio e no amparo de seu ben privado ou dos seus intereses profesionais, mentres, en troques, desatenden as problemáticas das familias desprotexidas e de toda a sociedade civil, eivada cada vez máis de medios efectivos necesarios.

### **Infancia e educación**

O rol da escola é crucial. Se os nenos e as nenas non aprenden desde mocións o pracer da participación, do compromiso compartido en proxectos comúns, o sentido da responsabilidade e da cidadanía, como poderá ser o seu compromiso coa causa do equilibrio ambiental, a protección do medio ambiente, o coidado prodigado a todos os seres vivos, con espírito de colaboración para permitir unha vida digna para todos e todas?

Nenos e nenas deben poder exercer os dereitos de cidadanía desde pequeniños; posúen un pensamento sistémico e complexo que debe poder interactuar cos interrogantes e debates dos adultos.

### **Economía ecolóxica,**

#### **outra visión do mundo é posíbel**

Nós, educadores e educadoras Freinet, no seo mesmo dos nosos movementos, nos nosos centros escolares, temos que ofrecer e operar cambios de alcance planetario, relacionados co modelo de desenvolvemento.

Aínda que actualmente parece debuxarse unha mellor conciencia ambiental, incluída a presenza desta cuestión en certos programas escolares, mantense a minusvaloración desta urxencia climática nos comportamentos das prácticas sociais e políticas, así como nos comportamentos individuais.

Tendo presente o espírito do Ben Común, afirmamos que todas as persoas formamos parte integrante da biodiversidade. Cadaquén ten que ter cadanseu lugar na comunidade humana. Para isto podemos inspirarnos nas loitas e perspectivas do eco-feminismo co fin de promovermos prácticas económicas de comercio e de consumo de proximidade responsábel, incluíndo o humano nun mundo que interactúa co medio ambiente e cos seres vivos, mutuamente interdependentes. O coidado posto nos outros terá que ser, ao mesmo tempo, un faro e unha panca para as políticas públicas, para a vida cotiá e para todos os dominios da educación.

## **O labor da escola é crucial. Accións**

A pedagogía Freinet dispón de ferramentas que permiten formas de participación no seo da escola e en relación co seu medio ambiente, coas comunidades locais. Inscríbense naturalmente na orientación das medidas que constrúen durabilidade ambiental e restauración ecolóxica, transcendendo, así, as fronteiras do local. As escolas Freinet son laboratorios de participación democrática e de construción de comunidade coas súas proposicións e prácticas cooperativas. E outras escolas poden igualmente comprometerse no mesmo sentido, porque a cuestión ten que ser defendida en todas as escolas e centros educativos!

No seo das nosas clases Feinet, que estudan o medio, construímos co noso alumnado micro-proxectos, que se traducen en pequenos cambios, en efecto, mais co horizonte dun futuro sostíbel: apreciar o valor do uso auto-limitado e non consumista dos recursos ordinarios, promover accións e formas de relacionarse non individualistas e, pola contra, todas aquelas que favorezan a solidariedade, abertas e atentas ao Ben Común.

O espírito crítico vese suscitado mediante o traballo cooperativo nas nosas aulas: no seo das reunións de cooperativa, mediante os consellos e asembleas de aula, nos debates sobre a organización do traballo... Esta aptitude para analizar, comparar, comprender, debater favorécese así mesmo tanto coas aprendizaxes realizadas como nos vínculos que establecemos co mundo exterior.

Cómpre comprendermos desde as escolas a situación do planeta e podermos tomar conciencia da actual ruptura do equilibrio ecolóxico. Así pois, estes obxectivos esenciais deben inscribirse nos programas escolares. Comprometer o estudo do medio é unha das chaves para una educación emancipadora. Descubrir, explorar arredor de si, descubrir os demais, descubrir o mundo que nos rodea, tanto o próximo como o de máis lonxe, a través da correspondencia, das enquisas, das investigacións, dos testemuños... E para todo iso é ben organizarse cooperativamente, por pequenos ou grandes grupos, cos de fóra da escola... Coas ferramentas do consello de clase, a súa organización cooperativa, os proxectos e a distribución de responsabilidades.

Deste xeito, poñemos en acción unha pedagogía da emancipación, de creación, de expresión, de cooperación, xerando a atención ao Ben Común. Na cidade, nos barrios, nas vilas, é posíbel xerar accións reais nos micro-espazos escolares e familiares; por exemplo, controlando a utilización da electricidade, reducindo os transportes, insistindo para que a voz dos nenos e das nenas, a dos mozos, sexa sentida por parte dos adultos.

E de modo máis xeral, cando analizamos as loitas dos pobos indíxenas e das comunidades rurais que teñen que ver coa súa auga, coa súa terra, co seu aire, xeramos tamén unha visión de respecto en relación ao pago equitativo das súas producións e con isto xeramos, igualmente, un veto

de deslexitimación a quen ocasionan a devastación e a explotación. Trátase dun traballo de sensibilización que reflicte as enerxías que tantas e tantos militantes, como Greta Thunberg, levan poñendo no asunto por medio de numerosas e distintas iniciativas.

Tamén as o os docentes poden ser modestos referentes dun modo de vida sobria e razoada, que sabe apreciar e valorar os aspectos sinxelos, cotiáns e máis «naturais» da vida social e un medio ambiente onde cada un poida respirar, vivir de xeito saudábel e compartir sen supremacía nin exclusións.

### *Pistas de acción concretas*

#### *a realizar desde agora mesmo!*

- Defender a diversidade, evitar o mal uso e malgasto dos recursos, educar imaxinando un porvir posíbel e mellor.
- Participar en pequenos proxectos, en pequenas transformacións exemplares que mostran ao alumnado un modo de vida non consumista, que lles ensina a valorar o Ben Común, o valor dos pequenos actos cotiáns, e a solidariedade contra o individualismo.
- Mobilizar as escolas para que non haxa ruído automobilístico ou outros arredor dos centros educativos, para repoñer e achegar a natureza aos espazos de vida e de aprendizaxe.
- Tomar conta no seo das nosas escolas da cuestión das familias migrantes porque a miúdo non abonda a simple integración escolar dos seus fillos; cómpre tamén apoiar e acompañar as familias, e considerar os nenos e nenas no marco das súas respectivas historias familiares para asegurar un bo seguimento escolar vinculado coas familias. Temos que seguir con particular atención os menores non acompañados familiarmente, promover o seu acceso á educación e á formación en boas condicións, estabilizadoras e protectoras. A mesma atención, por exemplo, debemos ter cara aos colectivos que se crean para albergar familias sen-papeis e con fillos que vivían na rúa, e outras organizacións solidarias con respecto a menores desprotexidos.

En cada espazo local atopamos sempre Amazonias específicas que requiren a nosa atención e o noso coidado: un fogar de vida para cada nova xeración humana. Temos que educar imaxinando un futuro posíbel e mellor.

### **COMPROMISOS da FIMEM**

Como *Federación Internacional dos Movementsos da Escola Moderna* declaramos o noso compromiso coas ideas e as prácticas relacionadas coa defensa do medio ambiente. A salvagarda efectiva do noso planeta implicanos a todos e a todas. Debemos actuar a favor da transformación e da realización dunha sociedade máis xusta e solidaria.

É polo que podemos e debemos levar a cabo unha dobre acción: pensarmos globalmente e actuarmos localmente; isto é, termos un pensamento “glocal”! Deste modo, sen perdermos de vista os grandes obxectivos e os problemas da crise ambiental a escala planetaria, debemos examinar como se poden afrontar para que todos e todas poidan imaxinar accións e crear respostas concretas para actuar en diversas escalas, locais e mundiais.